

PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA. PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA.

1.- INTRODUCCIÓN:

Ao longo deste curso, tal e como se estableceu no claustro celebrado o día 1 de setembro no centro educativo, **o Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega (EDLG)** estará formado polos seguintes membros:

- Cobas Pérez, Sheila;
- González Rodríguez, Sandra (coordinadora);
- López-Leitón Peinó, Alejandra.

Este equipo terá en conta o establecido na Lei 3/1983, do 15 de xuño de normalización lingüística e no Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

2.- OBXECTIVOS:

- Garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Promover unha presenza equitativa das dúas linguas oficiais.
- Empregar a lingua galega en diferentes contextos comunicativos dun xeito natural.
- Impulsar e incrementar o uso da lingua galega no centro e entre toda a comunidade educativa.
- Valorar positivamente a pluralidade lingüística da nosa contorna, eliminando prexuízos existentes cara a lingua minoritaria.
- Potenciar intercambios comunicativos e experiencias en lingua galega entre os membros da comunidade educativa.
- Manter informada á comunidade educativa das novidades legislativas e actividades culturais que xurdan desde diferentes organismos.
- Celebrar as conmemoracións establecidas para o presente curso académico, en colaboración cos demais equipos constituídos no centro.

- Fomentar o coñecemento e celebración das festas tradicionais populares en Galicia, destacando as celebracións propias do Concello.
- Promover a adquisición e coñecemento da lingua galega, de forma oral e escrita a través de diferentes tipos de textos: cancións, poemas, adiviñas, contos, xornais...
- Achegalos a autora homenaxeada o día das Letras Galegas do 2024, Luisa Villalta, e a súa obra literaria.
- Potenciar o uso do galego en relación coa temática dos debuxos animados.

3.- ACTIVIDADES:

A continuación propoñemos unha serie de actividades para celebrar algunhas das conmemoracións recollidas na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24. A través das mesmas, acadaremos os obxectivos propostos e contribuiremos á adquisición das competencias establecidas na lexislación vixente, facendo especial fincapé na competencia en comunicación lingüística e na competencia en conciencia e expresións culturais. Así mesmo, cómpre destacar que a elaboración desta programación tamén se basea na proposta de traballo anual levado a cabo a nivel de centro, que versará sobre os debuxos animados, e que levará por nome “Aragonta films” . Tendo en conta todos estes aspectos, as actividades que propomos son, entre outras:

➤ Semana do Entroido (->do 5 ao 9 de febreiro):

Para conmemorar os días previos ao desfile de Entroido, o EDLG elaboraremos a proposta de disfraces e/ou complementos que os nenos levarán durante esta semana. Dita proposta presentárase para toda a comunidade educativa a través do cartel: “os mandadiños do Entroido”.

➤ Día de Rosalía de Castro (->23 de febreiro):

Para achegalos á figura de Rosalía de Castro, enviaremos ao profesorado diversa información e actividades para traballar na aula co alumnado sobre esta poetisa galega.

Así mesmo, colaboraremos co equipo de biblioteca e, especialmente, co equipo de radio, para elaborar a proposta de actividades para dar a coñecer o espazo da radio ao alumnado e, traballar diversos textos de Rosalía para que, na medida do posible, o alumnado poida emitilos pola radio escolar.

➤ Semana das Letras Galegas (-do 13 ao 17 de maio):

Para conmemorar o Día das Letras Galegas, facilitaremos ás titorías diversa información e actividades para traballar sobre a autora galega homenaxeada, Luisa Villalta, contribuíndo a que o alumnado se achegue a súa vida e obra.

Namentres, **ao longo do curso**, tamén levaremos a cabo as seguintes actividades e/ou experiencias:

- Participación e colaboración cos diversos equipos e dinamizacións nas diferentes propostas que xurdan durante o ano.
- Traducións que soliciten os demais equipos e/ou persoal docente.
- Publicacións mensuais na páxina web para fomentar o uso do galego e que versarán, por exemplo, sobre: as novidades e actividades culturais do concello e da contorna próxima; curtas, textos, imaxes... ,é dicir, recursos de interese en galego; etc.
- Colaboración na elaboración da revista “Badaladas”.

En canto á celebración das **festas tradicionais populares en Galicia** - entre outras: o Samaín, o Magosto, o Entroido- colaboraremos cos restantes equipos do centro para facer diferentes propostas de actividades e que se poderán realizar de xeito voluntario.

Ademais, poderanse levar a cabo outras actividades que vaian xurdindo ao longo do curso derivadas dos intereses e motivacións do alumnado; de acontecementos que xurdan na contorna; ou de propostas dalgún membro da comunidade educativa.

Durante o presente curso, para tratar os temas e/ou aspectos relativos á dinamización da lingua galega así como para establecer a forma na que se

leven a cabo as actividades propostas dende este equipo, levaremos a cabo as reunións necesarias cos membros do equipo de xeito presencial.

En calquera caso, cómpre destacar tamén a necesaria coordinación e colaboración entre a coordinadora do equipo de normalización e dinamización da lingua galega cos coordinadores dos demais equipos constituídos no centro.

4.- TEMPORALIZACIÓN:

Esta programación establécese para o curso escolar 2023/2024.

5.- METODOLOXÍA:

Tendo en conta as características do alumnado de educación infantil, as actividades e/ou experiencias presentaranse dun xeito lúdico, partindo dos intereses, motivacións e coñecementos previos dos cativos para lograr unha aprendizaxe máis significativa e funcional. Ademais fomentárase a participación activa do alumnado, xa que debe ser o protagonista na construción da súa aprendizaxe, adoptando o profesorado o papel de guía, orientándoo e acompañándoo nesa construción.

6.- RECURSOS:

Para un axeitado desenvolvemento das actividades contaremos con todos os recursos materiais dispoñibles no centro: material funxible, non funxible, material tecnolóxico, etc.

Ademais solicitaremos á Administración Educativa a axuda económica que todos os anos vai destinada aos equipos de dinamización da lingua galega para a realización de diferentes proxectos e actividades.

7.- AVALIACIÓN:

En todo momento levarase a cabo unha avaliación continua que permita realizar os cambios necesarios e adaptarse á situación de cada momento.

A avaliación final que se realizará e se plasmará na memoria do equipo, permitiranos avaliar os obxectivos acadados e establecer propostas de mellora cara aos próximos cursos.

EDLG